



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR Nº 7

TEMPADA 2018/19

XXVII CAMPIONATO GALEGO VETERANO XXXII CAMPIONATO GALEGO INFANTIL

DATAS E LOCAL DE XOGO

11/12 de maio de 2019.

No Pavillón Municipal de Ribadeo, Rúa Alfredo Deaño, 7, 27700 Ribadeo, Lugo.

PROBAS A DISPUTAR CON HORARIOS

Sábado día 11: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Veterano: Individuais +40, +50, +60, +65 e feminino, Dobres masculinos +40, +50, +60 e femininos.
- Galego Infantil: Equipos masculinos e femininos.

Domingo día 12: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Infantil: Individuais masculinos e femininos, dobres masculinos e femininos.
- Galego Veterano: Equipos masculinos +40, +50, +60, +65 e femininos.

SISTEMA DE XOGO

- Veteranos: Equipos masculinos +40 anos, Copa do Mundo (3 ou máis xogadores). Equipos masculinos +50, +60, +65 e feminino, Corbillón (2 ou máis xogadores).
- Infantís: Equipos masculinos, Copa do Mundo (3 ou máis xogadores). Equipos femininos, Corbillón (2 ou máis xogadoras).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Os individuais disputáranse por grupos na 1ª Fase e por eliminatorias na Fase Final.

Todos os dobres disputaranse por eliminatorias ao mellor de 5 xogos.

PARTICIPACIÓN

Equipos masculinos: 12

Equipos femininos: 8

Individual Masculino: 48 xogadores

Individual feminino: 24 xogadoras

Dobres masculinos e femininos: 16 parellas



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Para seleccionar os equipos que poderán tomar parte en cada campionato co sistema de xogo Copa de Mundo, tomáranse os 3 primeiros xogadores de cada equipo, con máis puntuación no ránking.

Para seleccionar os equipos co sistema de xogo Corbillón, tomáranse os 2 primeiros xogadores de cada equipo, con máis puntuación no ránking.

Os xogadores participantes nas probas de individuais e dobres, tomaranse tendo en conta o ránking de cada inscrito.

Poderán participar todos aqueles xogadores con licenza federada en vigor durante a tempada 2018/19.

CABEZAS DE SERIE

Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta o rankíng.

DEREITOS DE INSCRIPCIÓN

Campionato Galego Veterano:

- Equipos: 10 €.
- Individuais: 5 €
- Dobre: 5 € por parella.

Campionato Galego Infantil:

- Equipos: 7
- Individuais: 3 €
- Dobre: 3 € por parella.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta da Federación Galega: **0130/3007/70/0108038102**, enviando a continuación unha fotocopia da transferencia efectuada ao mail: secretaria@fgtm.es

Se ao finalizar a data de inscrición non se recibiu a mencionada transferencia, darase de baixa ao Club ou xogadores implicados de todas as probas en que se inscribiron.

INSCRIPCIÓNS

Os clubs interesados en participar nestes campionatos terán que cubrir o [novo sistemas de inscricións](#) que se encontra na páxina web da FGTM, antes das 14:00 horas do día 30 de abril de 2019.

Notas: A criterio do Xuíz Arbitro poderase xogar, na proba de equipos, en dúas mesas.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á CIRCULAR Nº4 - **NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS**, que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web.

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

Luns, 15 de abril de 2019